



Ilex 695

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19 Rolda 2020/2021





Índice:

1. Proceder do Grupo fronte a situación sanitaria actual: COVID-19.
2. Condicións imprescindibles para a participación nas actividades.
3. Medidas a adoptar na práctica das actividades.
4. Medidas a adoptar nos momentos previos e posteriores ás actividades
5. Protocolo de actuación ante unha sospeita de caso positivo.
6. Protocolo de actuación ante un posible contacto estreito cunha persoa positiva.
7. Espazos
8. Referentes COVID
9. Fontes

1.Proceder do Grupo fronte a situación sanitaria actual: COVID-19

A pesar da situación sanitaria que estamos a vivir, no Grupo Scout Ilex 695 pensamos que os valores e contidos que a rapazada aprende ao longo do seu percorrido polo Escultismo son moi importantes no seu desenvolvemento como individuos. Por elo, dedicamos tempo e enerxías en informarnos e formarnos sobre as normativas e protocolos sanitarios, así como en adaptar a nosa actividade a estes, para así poder ofertar un espazo de crecemento o máis seguro que poidamos.

Para garantir o correcto cumprimento destas normas, así como para a xestión de calqueira cousa que poida surxir ao longo da rolda e a resolución de dúbidas que as Familias poidades ter, decidimos crear unha comisión COVID, formada por Cristina e Natalia, dúas scouters do noso grupo que ademais son enfermeiras. Ao final do documento atoparedes o seu contacto, para calqueira cousa que precisedes.



2. Condicións imprescindibles para a participación nas actividades

Antes do comezo das actividades presenciais da rolda, tódolos participantes, scouters e educandos, deben entregar unha copia da declaración responsable que o propio grupo facilitará, ben sexa escaneada, fotografiada ou asinada dixitalmente, cuberta pola persoa participante ou representante legal no caso dos menores de idade.

Polo tanto NON poderá participar nas actividades presenciais aquela persoa que:

- Sexa diagnosticada positiva de COVID-19.
- Presente calquera sintomatoloxía que poida estar asociada ca COVID-19 (tose, febre, dificultade para respirar, cansancio esaxerado, dor muscular sen causa física, diarrea, erupcións en mans e pés) durante os 14 días previos á actividade.
- Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á actividade. (Defínese contacto estreito como un contacto a menos de 1'5m, sen levar a mascarilla correctamente colocada e durante 15min ou máis).

3. Medidas a adoptar na práctica de actividades

Todas as actividades que realicemos no Grupo Scout Ilex 695 estarán adaptadas para ser o máis seguras posible, a partir das precaucións e normas hixiénico-sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade e as recomendacións da Xunta de Galicia para as actividades de lecer e tempo libre, sen excepcións no seu cumprimento e en constante actualización.

As pautas mínimas e comúns a todo tipo de actividades son:



1. Garantir en todo momento sempre que sexa posible o **distanciamiento físico interpersonal** (1.5 metros) e o **uso da máscara**. Recomendase o uso dun sobre de papel ou bolsa de tela para gardar a máscara tras o seu uso ou nos momentos que poidamos quitárnosla (como a merenda).
A máscara deberá cubrir en todo momento nariz, boca e queixo. Se nalgún momento un participante precisa retirar a mascariña, insistimos en que se poña en contacto coa súa scouter antes de facelo, para que esta lle poida dar as pautas axeitadas.
A manipulación será sempre coas mans limpas, pola zona das gomas, evitando sempre tocar a parte frontal. No grupo contaremos con mascariñas de reposto ante posibles incidentes. Animamos a calqueira familia que atope na adquisición de mascariñas un obstáculo para a participación na actividade a que nolo faga saber para, entre todas, poder buscar unha solución.
2. Promoverase un **lavado correcto e asiduo de mans** con auga e xabón, ou solucións hidroalcolicas cando este non sexa posible. Sempre haberá lavado de mans nos seguintes momentos: á chegada, antes e despois da merenda, antes e despois de empregar o aseo, antes e despois da manipulación de material... Así como cando a scouter responsable da actividade considere que pasou un tempo excesivo dende o último lavado ou que é preciso.
3. Lembrarase ás participantes que non deben tocar ollos, nariz nin boca.
4. Lembrarase a importancia de tusir ou esberrar cubrindo a boca e nariz co cóbado flexionado. Cando sexan precisos, empregaranse panos desbotables dun só uso. O Grupo disporá deles por se fosen precisos.
5. Cada persoa contará e fará uso do seu propio material persoal sen coller pertenzas alleas nin o material das actividades sen previo aviso. Todos os participantes procurarán non compartir os seus recursos persoais de uso



individual (incluído scouters). En caso de compartir, procederase a desinfección entre uso e uso como no caso do material común imprescindible no desenvolvemento das actividades.

¿Como serán as actividades?

Tentaremos que a maior parte das actividades teñan lugar en **espazos exteriores**, evitando aquelas que implican un contacto estreito priorizando aquelas máis individuais ou con maior distanciamento (respectando a distancia mínima de 1'5m); sempre seguindo a metodoloxía da sección e o desenvolvemento colaborativo.

Cando non sexa posible, e levemos a cabo **actividades de interior**, estas desenvolverase en espazos o suficientemente amplos para poder manter a distancia interpersonal, cunha ventilación axeitada dos mesmos, e tentando que haxa o mínimo material común imprescindible, desinfectando este antes e despois de cada uso, así como realizando a hixiene de mans.

Traballaremos sempre en pequenos grupos, de **máximo 6 persoas** (incluídas educandas e scouters). Cada grupo contará cun scouter de referencia que será a responsable dos contactos máis estreitos (material, atención a posibles lesións, etc.). Non haberá contacto cos demais grupos. En actividades puntuais onde pode que participe máis dun grupo de traballo, tampouco se mezclarán os grupos reducidos entre si, nin as scouters responsables de cada un. Como xa se comentou, todo o material empregado será hixienizado antes e despois de cada uso.

Na **merenda**, dada a situación, cada educanda deberá traer a súa merenda. A scouter responsable encargarse de que antes da manipulación da máscara, as educandas hixienicen as mans e se ubiquen nun lugar separado das compañeiras (a unha distancia de mínimo 2m). Despois da comida, a scouter vixilará que os residuos se desboten adecuadamente, que as lobatas hixienicen de novo as súas mans e que coloquen a máscara correctamente.



4. Medidas a adoptar nos momentos previos e posteriores ás actividades

Para minimizar o risco no momento de recepción e recollida da rapazada, desenvolvimos unha serie de pautas:

1. A recollida e recepción das educandas realizarase nos puntos indicados por cada sección, intentando non ficar na porta máis do tempo necesario para evitar aglomeracións. Pedímosvos tamén que tentedes cinguirvos a un/ha acompañante por educando/a sempre que sexa posible.
2. Ao comezo de cada reunión recordaremos as pautas hixiénico - sanitarias a seguir.
3. Cada sección contará cun referente COVID, cuxa función será velar polo cumprimento e actualización das medidas, así como ser o contacto coa familia e o Servizo Galego de Saúde en caso nun posible positivo.
4. A comida e bebida non poderán ser compartidas, e sempre se respetarán as medidas de hixiene e distancia. Para favorecer isto, recomendamos que cada educando/a traia a súa propia cantimplora.

5. Protocolo de actuación ante unha sospeita de caso positivo.

Ante a manifestación de síntomas compatibles con COVID-19 durante o desenvolvemento da actividade, estes serán os pasos a seguir:

1. A scouter responsable do grupo burbulla en colaboración coa responsable COVID iniciarán o protocolo. A crianza será separada do resto do grupo, e proporcionaráselle unha máscara cirúrxica. En caso de atoparse na actividade persoal sanitario, fará unha primeira exploración portando máscara FFP2.
2. Ante a confirmación de síntomas pola sanitaria, ou a sospeita non confirmable, contactarase coa familia así como co 900 400 116 (número referencia do SERGAS para coronavirus).



3. O scouter do grupo burbulla xunto coa responsable COVID e o persoal sanitario revisarán a rede de contactos estreitos e faranse os avisos pertinentes.
4. En todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias.

6. Protocolo de actuación ante un posible contacto estreito cunha persoa positiva

En caso de notificárenos que unha persoa participante na actividade resultou positiva, a responsable COVID xunto coa equipa de sección localizaría aos contactos estreitos (de habelos), e colaboraría coa autoridades sanitarias en todo o que fose preciso.

7. Uso e coidado dos espazos

En aquelas actividades que deban realizarse nun espazo interior, deberán cumprirse as seguintes medidas:

- Limpeza e desinfección dos espazos e do material sen presenza das educandas, antes e despois de cada reunión.
- Difusión das medidas hixiénico - sanitarias e de prevención mediante explicación á rapazada e cartelaría visible.
- Disponibilidade de dispensadores de xel hidroalcohólico e/ou auga e xabón durante toda a actividade.
- Especial atención na desinfección dos obxectos e espazos de maior contacto: pomos das portas, chan, pasamáns, billas, interruptores, material funxible..., empregando sempre desinfectantes autorizados.
- Ventilación constante dos espazos pechados, prestando especial atención aos aseos.
- Tentar manter as portas abertas, por ventilación e evitar o contacto.
- Disporase de papeleiras con tapa e apertura por pedal para evitar o contacto.
- Cada persoa deberá usar a súa propia cantimplora, e seguir as indicacións correspondentes para empregala (as mesmas que para merenda).



8. Referentes COVID

Aínda que tódalas scouters estamos involucradas no cumprimento das medidas hixiénico-sanitarias e a actualización dos protocolos, o comité de COVID compóñeno as seguintes scouters, ambas enfermeiras:

- Natalia (Akela): 689 61 82 80
- Cris: 626 20 56 37

Ademais, as scouters responsables do correcto cumprimento e comunicacións relacionadas coa COVID en cada sección son:

- Manda: Akela (Natalia)
- S. Scout: Dani
- Esculta: Pauliña
- Clan: Nere ou Pol

9. Fontes

A continuación deixamos unha serie de material informativo que pode ser do voso interese, a partir do cal redactamos esta pequena guía:

- *Recomendaciones y medidas para el desarrollo de las actividades de educación no formal, ocio educativo y tiempo libre adaptadas a la situación de COVID-19.* Dispoñible en:
http://xuventude.xunta.es/images/Novas/2020/xuno/Protocolo_ocio_educativo_tiempo_libre_Galicia.pdf
- *ORDEN de 4 de noviembre de 2020 por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada del COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia.* Dispoñible en:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20201104/2476/AnuncioC3K1-041120-2_es.pdf
- *Recomendación sobre o coronavirus - SERGAS.* Dispoñible en:
<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Recomendacions-sobre-coronavirus>